Os alumnos de 5º e 6º, lemos na hora de Plan Lector, o libro *"Palabras de Caramelo*", do escritor Gonzalo Moure.

# Palabras de Caramelo

Trata dun neno de 8 anos que vive en Smara- un dos campos de refuxiadossaharauís- coa súa familia. É xordomudo. Gústanlle os camelos e faise moi amigo dun deles ao que lle pon de nome Caramelo. Con el, vivirá unha grande aventura.

Caramelo move os beizos e Kori le neles palabras moi fermosas : vida, amor, bágoas, lembranza...

Traballamos sobre o  libro; ilustramos un mural e informámonos  da problemática do pobo saharauí.



# RESUMO

Kori e Caramelo fanse íntimos amigos...
Caramelo medra; ten que ser sacrificado.
Kori escapa con el para que non maten. Quere levalo á terra dos antepasados de Caramelo; un lugar onde hai pastos, herba, auga...
Sen embargo, o único que atopan é area, area, area e máis area...
O tío de Kori lévaos de volta a hammada.
Caramelo é sacrificado na presencia de Kori; este saca o seu caderno e escribe as últimas palabras que le nos beizos de Caramelo.



# CARAMELO

Caramelo é un pequeno camelo; é o mellor amigo de Kori; un amigo moi especial...
Kori pode ler nos seus beizos, conversar con el.
A Caramelo gústalle a herba, a cebada e... estar con el.
O seu pelo ten a cor dun caramelo.
A súa mirada é moi doce.
O nome púxolle Kori.



«Hai nas nubes camelos brancos,
que pacen herbas de algodón
e beben nos pozos do ceo...
Hai no sol camelos dourados,
que beben auga
e pacen herba de lume»



"O sol e a lúa ámanse,
e por iso únense no ceo"







# FATIMETU

Fatimetu é a mestra de Kori. Era boa. Alumiñaba sempre a Kori da mesma forma que Kori alumiñaba a Caramelo. Aprendíalle a atar os zapatos e a debuxar.
Aprenderalle tamén a escribir? Quería escribir as palabras que Caramelo lle dicía polas tardes.
Non foi fácil, pero conseguino.



# "NON CHORES"

Non chores porque a vida se acabe,
Pensa que vivimos...
Eu acéptoo,

Voume coa túa lembranza
Aos pasteiros do ceo...

E mentres ti vivas
Eu sempre estarei contigo.
Ti aínda non o entendes,
Pero cando a noite te alcance,
Entenderalo tamén,
Pequeno Kori, o meu único amigo...

